



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS TRINTA E SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencia dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Rocío Cochón Castro, Manuel Domínguez Álvarez, Cándido Muiños Balea, Marcial Garcia Freijeiro, Juan Jose Rodríguez Grandal, M^a Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Rosa Fernández González e Silvia Díaz Iglesias; escusa a non asistencia o Concelleiro Angel Moldes Martínez e a Interventora Acumulada Sonia David Cortegoso Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4286.- APROBACIÓN ACTA/S ANTERIOR/ES DO 21 E 26 DE XULLO DE 2016, NÚM. 534 E 535 E DO 29 DE AGOSTO DE 2016 NÚM. 536.- Pola Secretaria dáse conta do contido das actas números 534, 535 e 536 do 21 e 26 de xullo e 29 de agosto de 2016, respectivamente, solicitándose pola Concelleira Silvia Díaz Iglesias a rectificación seguinte:

Acta 534, sesión extraordinaria do 26 de xullo de 2016, pax. 2 parágrafo segundo onde di: “A Sra. Díaz Iglesias di que efectivamente a información foi solicitado no mes de maio e reiterada no pleno do mes de xullo. Existe a necesidade de como se están a xestionar eses fondos públicos, xa que deben ser a través de métodos e principios de transparencia e concorrencia.

Podemos falar de ocultamento e descoñecemos o destino dos fondos, xa que estamos no mes de agosto e descoñecemos os trámites e importe.”.

Debe dicir: “A Sra. Díaz Iglesias di que efectivamente a información foi solicitada no mes de maio e reiterada no pleno do mes de xullo. Existe a necesidade de coñecer ou saber como se están a xestionar eses fondos públicos, xa que deben ser a través de métodos e principios de transparencia e concorrencia.

Podemos falar de ocultamento e descoñecemos o destino dos fondos, xa que estamos no mes de agosto e descoñecemos os trámites e importes.”.

Non formulándose ningunha outra rectificación polos membros presentes estas quedan aprobadas polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, coa modificación exposta pola Concelleira Díaz Iglesias.

4287- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado

de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4277.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DO INFORME CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO 2016: CUMPRIMENTO LEI 5/2013, IMPULSO FACTURA ELECTRÓNICA E CREACIÓN DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS NO SECTOR PÚBLICO E LEI 15/2010 DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE EN OPERACIÓNS COMERCIAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 4278.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN ICIO CORRESPONDENTE AO EXP. 424/15 DE OBRAS EN RUA SAN ROQUE, 38 DE COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao interesado e deuse traslado ao Servizo de Urbanismo; 4279.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN ICIO CORRESPONDENTE AO EXP. 418/15 DE OBRAS EN AVDA. DA CRUZ, 22 BX DE COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao interesado e deuse traslado ao Servizo de Urbanismo; 4280.- PERSOAL, MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL E ADAPTACIÓN AO ACORDO REGULADOR PERSOAL FUNCIONARIO.- Unisue certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Persoal para a realización dos trámites sucesivos do expediente; 4281.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DA POIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE ANAFÁNS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Servizo Galego de Saude; 4285.- SORTEO A CELEBRAR PARA A FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS VINDEIRAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO PRÓXIMO 25 DE SETEMBRO DE 2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse o nomeamento aos electores elixidos e comunicouse a Xunta electoral de Zona.”

A Corporación dáse por enterada.

4288.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía desde o último Pleno Ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

4289.- DETERMINACIÓN FESTAS LOCAIS ANO 2017.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de agosto de 2016 e que di o que egue: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 3 de agosto de 2016 que, textualmente, di o seguinte: “Publicado no Diario Oficial de Galicia do 07 de xullo de 2016 número 128 o Decreto 76/2016, do 9 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2017 polo que en virtude do disposto no artigo 37.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores e no artigo 45 e 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo sobre traspaso de funcións e servizos da administrado do estado á comunidade autónoma dispón a determinación de dúas festas locais propostas polo órgano municipal correspondente.

Á vista do anterior e tendo en conta que por tradición neste Concello establécense como Festas Locais o 24 de xuño e 24 de setembro, e ao ser esta segunda festividade día non laborable, por ser domingo para o 2017 solicito da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas proposta de determinación de dúas festividade locais para o ano 2017 “.

Tras a deliberación polos membros presentes das distintas posibilidades para determinar a data da festividade local do 2017 que substitúa ao 24 de setembro e non chegando a concreción da data, a Comisión acordou propor ao Pleno dúas posibles datas: O día 17 de agosto de 2017, día de Galicia Mártir, e o día 1 de marzo de 2017, mércores de cinza.”.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que a proposta do BNG vai ser a favor do 17 de agosto, Día da Galiza Mártir, igual que este ano, xa que consideran que é unha data representativa e que honra aos mártires da Guerra Civil.

A Sra. Diaz Iglesias manifesta que a data, 17 de agosto lle parece a máis idónea, foi obxecto de debate o ano pasado e hai unha proposta da Comisión Informativa de Cultura, aprobada por todos os grupos políticos de institucionalizar o Día de Alexandre Bóveda.

A Sra. Besada Lores di que o grupo socialista tamén vai votar a favor do 17 de agosto xa que con iso hónrase aos mártires da guerra.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da corporación somete a votación a seguinte proposta para determinar os festivos locais do ano 2017: 24 de xuño, San Xoán e 17 de agosto, Día Galiza Mártir a que por 10 votos a favor (6 BNG, 3 PSOE e 1 Concelleira Non Adscrita), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP queda aprobada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Determinar o 24 de xuño, Día de San Xoán e o 17 de agosto, Día da Galiza Mártir como festividades locais para o ano 2017.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social.

4290.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SARTAL.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de agosto de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, do informe da secretaria municipal de data 10 de agosto de 2017 e da Proposta da Alcaldía de data 17 de agosto de 2017 que, textualmente, di o seguinte: “En relación co expediente de alteración da calificación xurídica desafectación do ben inmovible edificio, pasando de ser un ben de dominio e servizo público a un ben de carácter patrimonial.

Considerando que por proposta desta alcaldía de data 9 de agosto incoouse expediente relativo á proposta de alteración da calificación xurídica desafectación do ben inmovible edificio que na actualidade está destinado a Centro de Educación Infantil sito en cmño. Do Cereiro, 1 do lugar de Sartal.

Considerando a necesidade de tramitar o correspondente procedemento de alteración de cualificación xurídica do ben anteriormente descrito, de conformidade co artigo 8 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, e que é competencia do Pleno da Corporación aprobar o expediente polo voto favorable da maioría absoluta e visto o informe emitido pola Secretaría e polos servizos técnicos municipais, esta alcaldía PROPÓN a Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas para o seu ditame favorable os seguintes ACORDOS.

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a alteración da calificación xurídica desafectación do ben inmovible edificio, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

SEGUNDO. Solicitar da Administración Autónoma (Consellería de Educación) a autorización correspondente para a desafectación do inmovible de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

TERCEIRO. Anunciar o acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se realicen as alegacións que se estimen pertinentes.

CUARTO. Unha vez recibida e incorporada a autorización da administración autónoma considerar este acordo como definitivo, se non se presentasen alegacións en prazo.

QUINTO. Cando o presente acordo sexa definitivo, reflectir na rectificación anual do Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da calificación xurídica que sufriu o ben inmovible e solicitar ao Rexistro da Propiedade que proceda a inscribir este ben mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistradas necesarias.

SEXTO. Facultar ao Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos precedentes Acordos.

No entanto o exposto, a Corporación acordará o que estime pertinente.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. ”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros, o que supón a maioría absoluta deste órgano colexiado, adoptou o seguinte acordo

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a alteración da calificación xurídica desafectación do ben inmovible edificio, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

Segundo.- Solicitar da Administración Autonómica (Consellería de Educación) a autorización correspondente para a desafectación do inmovible de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Terceiro.- Anunciar o acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se realicen as alegacións que se estimen pertinentes.

Cuarto.- Unha vez recibida e incorporada a autorización da administración autonómica considerar este acordo como definitivo, se non se presentasen alegacións en prazo.

Quinto.- Cando o presente acordo sexa definitivo, reflectir na rectificación anual do Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da calificación xurídica que sufriu o ben inmovible e solicitar ao Rexistro da Propiedade que proceda a inscribir este ben mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistrais necesarias.

Sexto. Facultar ao Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos precedentes Acordos.

4291.- CONTRATACIÓN, DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚMERO 14268 POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL SITO NA SECA CON DESTINO A QUIOSCO BAR.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de setembro de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e do acordo nº 14268 de Xunta de Goberno Local sobre adxudicación, se procede, do arrendamento do local de propiedade municipal situado na Seca con destino a Quiosco Bar.

A Comisión dáse por enterada.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros ratifica o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 19 de agosto de 2016 número 14268 polo que se procede á adxudicación do contrato de arrendamento do local municipal sito na Seca-Poio con destino a quiosco Bar.

4292.- CONTRATACIÓN, DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚMERO 14290, POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL SITO NA FINCA COSTA XIRÁLDEZ CON DESTINO A QUIOSCO BAR.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de setembro de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e do

acordo nº 14290 de Xunta de Goberno Local sobre adxudicación, se procede, do arrendamento do local de propiedade municipal situado na Finca Costa Xiráldez con destino a Quiosco Bar.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros ratifica o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 29 de agosto de 2016 número 14290 polo que se procede á adxudicación do contrato de arrendamento do local municipal sito na Finca Costa Xiráldez en Lourido.

Neste momento entra no Salón de Sesións a Concelleira Natividad Torres Balea.

4293.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS PARA O EXERCICIO 2017.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de setembro de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente do expediente, do informe da Intervención Municipal de data 18 de agosto de 2016, do Decreto da Alcaldía de data 22 de agosto de 2016 con relación a remisión de información sobre as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte a todos os Concellos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en virtude do disposto no artigo 27.2º da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, a cal debe ser rendida a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual de Entidades Locais con data límite 15 de setembro de 2016.

Unha vez aprobadas as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte mediante Resolución de Alcaldía de data 23 de agosto de 2016 e cumprida pola interventora municipal a obriga de remisión da información con data 25 de agosto de 2016 ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma habilitada o respecto na Oficina Virtual de Entidades Locais se eleva o expediente ao Pleno para dar conta da información remitida.

A Comisión dáse por enterada”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4294.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 7/2016.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de setembro de 2016 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, da Providencia e Proposta da Alcaldía de data 13 de setembro de 2016 e do informe da Intervención Municipal de data 13 de setembro de 2016.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente indicando que se trata do recoñecemento extraxudicial de crédito nº 7 pola necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola existencia de dúas facturas comprensivas de gastos correspondentes ao anterior exercicio 2015 as cales non foron presentadas no Concello ata os meses de xuño e xullo de 2016, ascendendo a 662.40€ correspondendo as facturas por “Actuación a cargo da Banda de Unión Musical de Meaño, o día 6 de agosto, Festas de San Salvador de Poio” e por “Subministro de pan de millo para sardiñada en Servizos Sociais, Café Bar Catro Camiños”.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o Reparo emitido pola Intervención con data 13 de setembro de 2016, con respecto á factura núm. 6/2016 de Banda Unión Musical de Meaño, en concepto de actuación o día 6 de agosto de 2015 nas festas de San Salvador. 2º) Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 662,40€ correspondendo as seguintes facturas obrantes no expediente: Factura nº 6/2016 de Banda Unión Musical de Meaño, en concepto de actuación o día 6 de agosto de 2015 nas festas de San Salvador, por importe 500€, e factura nº 18 de data 8 de xullo de 2016 de Cándido Pousada Tilve (Café Bar Catro Camiños) en concepto de subministro de pan de millo para a sardiñada en Servizos Sociais, por importe de 162,40€ e 3º) Aplicar con cargo ao Orzamento o exercicio 2016 os gastos das facturas mencionadas con cargo as aplicacións que

corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito (aplicacións 338.48901 e 231.22699, respectivamente).”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o Reparo emitido pola Intervención con data 13 de setembro de 2016, con respecto á factura núm. 6/2016 de Banda Unión Musical de Meaño, en concepto de actuación o día 6 de agosto de 2015 nas festas de San Salvador.

Segundo: Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 662,40€ correspondendo as seguintes facturas obrantes no expediente: Factura nº 6/2016 de Banda Unión Musical de Meaño, en concepto de actuación o día 6 de agosto de 2015 nas festas de San Salvador, por importe 500€, e factura nº 18 de data 8 de xullo de 2016 de Cándido Pousada Tilve (Café Bar Catro Camiños) en concepto de subministro de pan de millo para a sardiñada en Servizos Sociais, por importe de 162,40€.

Terceiro: Aplicar con cargo ao Orzamento o exercicio 2016 os gastos das facturas mencionadas con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito (aplicacións 338.48901 e 231.22699, respectivamente).

4295.- URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR JULIO PÉREZ UCHA EXP. 273/16 POR OBRAS EN INMOBLE SITO EN CARREIRO DAS VEIGAS, 12 (COMBARRO).- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 19 de setembro de 2016 e que di o que segue: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes. dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. Julio Pérez Ucha, exp. núm. 273/16 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 5 de agosto de 2016, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda por obras vivenda en Carreiro das Veigas núm. 12 do lugar de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 15 de setembro de 2016.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 273/16, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada. ”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo esto o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 273/16, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

Segundo: Prestar aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Urbanismo e ao interesado con

indicación de que contra o presente, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta e seis minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.